CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE 10 BOLSAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO PARA O PROXECTO KA-121-SCH 2026 DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+

1. BASES

O IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa no Programa Erasmus+ no sector escolar a través da acreditación aprobada na Convocatoria 2022. Esta bolsa é para a realización dunha mobilidade en centros educativos europeos nos que se traballe algún dos obxectivos contemplados no noso Plan Erasmus:

- Coeducación e igualdade
- Educación para o desenvolvemento sostible
- Autonomía moral e sentido de pertenza europea
- Avaliación e mellora da competencia dixital docente

Resérvase o 10% das prazas ao alumnado candidato por atención á diversidade: con algunha discapacidade, con necesidades educativas especiais ou con circunstancias persoais que o aconsellen. En caso de non cubrirse, pasarán á totalidade.

2. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

A) Media dos resultados durante o proceso de aprendizaxe no curso 2025-2026. (**40%**).
B)Valorarase de xeito particular o interese, a participación e a actitude **activa** e **cooperativa** durante o proxecto Innova-LAB 2025-2026. Informe do profesorado participante no proxecto. **(20%)**
C) Entrevista persoal en inglés. (**20%**)
Valorarase o compromiso de traballo cooperativo e o seu dominio da lingua inglesa.
D) Capacidade de **traballo en grupo** e **integración**. (**20%**)
Informe do equipo educativo e da persoa titora do curso 2025-2026.

Tamén se terá en conta non ter participado noutras mobilidades.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes iniciais faranse **ata o 6 de novembro ás 23.59** cubrindo o seguinte formulario: enlace ao formulario